

PREGUNTAS E DÚBIDAS FRECUENTES NA ELABORACIÓN E REXISTRO DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

ELABORACIÓN DOS PLANS DE AUTOPROTECCIÓN

➤ Cal é o contido do PAU?

O documento PAU debe ter a estrutura e o contido que se recolle no anexo II do Decreto 172/2022, do 6 de outubro polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.

➤ Que actividades deben elaborar o PAU?

As actividades ou eventos que se realicen en centros, establecementos e instalacións, que se determinan no anexo I do Decreto 172/2022, do 6 de outubro.

➤ Hai que redactar o PAU en galego?

O PAU pode estar redactado en calquera das linguas oficiais de Galicia.

➤ Quen ten que elaborar o PAU?

A elaboración, implantación, mantemento e revisión é responsabilidade do titular da actividade.

➤ Se nun mesmo centro se realizan actividades diferentes e recollidas no anexo I do Decreto 172/2022, do 6 de outubro ¿tense que facer un PAU por cada actividade?

Os centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias que deban ter PAU deberán integrar nel os plans das distintas actividades que se encontren fisicamente no mesmo espazo, así como recoller o resto de actividades inda que non estean recollidas no devandito anexo I. Tamén pode admitirse un PAU integral único, sempre que se prevexan todos os riscos particulares de cada unha das actividades que conteñan.

➤ Cando se debe presentar a revisión dun PAU?

O PAU tense que revisar sempre que haxa unha modificación substancial e, como máximo, cada tres anos, a non ser que a normativa sectorial estableza outro prazo menor.

➤ **Se eu son o arrendatario dun espazo, quen ten a obriga de facer, implantar e rexistrar o PAU?**

Son os titulares das actividades, en réxime de arrendamento, concesión ou contrata, que se atopen fisicamente nos centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias que deban dispor de PAU os que deben elaborar, implantar e integrar os seus plans, cos seus propios medios e recursos, a non ser que se estableza unha cousa diferente no contrato.

➤ **No caso de actividades temporais nun centro que xa conta con PAU ¿hai que facer un novo PAU para esa actividade temporal?**

No caso de actividades temporais incluídas no anexo I que vaian a ser realizadas en centros, establecementos, instalacións e/ou dependencias, que dispoñan de autorización para unha actividade distinta da que se pretende realizar, o organizador da actividade temporal estará obrigado a elaborar e implantar, con carácter previo ao inicio da nova actividade, un PAU complementario.

➤ **Como hai que proceder se se fan cambios substanciais nunha actividade ou na organización da resposta ás posibles emerxencias?**

Os cambios teñen que ser incorporados ao PAU e comunicados ao órgano ante o que se presentou o PAU. Tamén se debe iniciar solicitude de modificación dos datos inscritos no rexistro, a través do procedemento PR485A.

➤ **Onde teño que presentar o documento PAU?**

Ante o órgano da Administración pública competente para outorgar a licenza, permiso ou autorización para a explotación ao inicio da actividade ou, no seu caso, ante o que se presenta comunicación previa.

➤ **En relación co concepto ASI (Asistencia Sanitaria Inmediata) que formación e necesaria?**

Se entende como Asistencia Sanitaria Inmediata a formación que inclúa:

- SVB, Soporte Vital Básico (imprescindible que inclúa formación DESA)
- Primeiros auxilios e trauma

AFECTACIÓN DE ACTIVIDADES

➤ **Os nenos dunha gardería, están incluídos como persoas que non poden evacuar polos seus propios medios?**

Si. Considerase que os usuarios dunha gardería non poden realizar unha evacuación polos seus propios medios.

➤ **Quen debe elaborar el PAU para un estadio de fútbol/pabellón municipal?**

Ten que elaborar o PAU o titular da instalación que en ese caso é o concello.

Se na instalación vanse a realizar outro tipo de eventos, é necesario un novo PAU, ao cambiar as cabidas, as zonas de concentración de público, entradas, etc... Para estes eventos, e o titular do evento o responsable da elaboración e implantación do PAU, a non ser que expresamente se estableza outra cosa por contrato.

➤ **Dada unha actividade con varios edificios, fai falta que cada edificio leve a cabo un simulacro anual?**

Non. Para avaliar o PAU e asegurar a súa eficacia e a operatividade, realizaranse simulacros de emerxencia coa periodicidade mínima que fixe o propio plan e, en todo caso, polo menos unha vez ao ano.

➤ **Un aparcamento subterráneo compartido por varias actividades de titularidades diferentes, está obrigado a dispor de PAU se algún dos edificios está obrigado?**

O aparcamento en por si non está obrigado a dispor do PAU. O edificio ou edificios que poidan estar afectados por outros condicionantes teñen que elaborar o PAU e teñen que incluír o aviso ao resto de actividades coas cales comparten espazo, incluso si non están afectadas.

➤ **Unha actividade recreativa que ten lugar nunha carpa durante uns días determinados, ten que considerar o total de entradas que prevé vender ou o total de persoal que se prevé que estea presente durante a actividade?**

Para os efectos do PAU tense que considerar o número total de público no recinto.

➤ **Como se calcula a altura de evacuación?**

Segundo o Código Técnico da Edificación, a altura de evacuación é a diferenza de cota topográfica entre o nivel dunha orixe de evacuación e o do espazo exterior seguro. Por tanto, hai que tomar a altura de evacuación a partir da parte máis alta onde se desenvolve unha actividade, aínda que no medio haxa espazos desvinculados da actividade ou mesmo sen actividade.

➤ **Cal é a ocupación que hai que prever nun recinto que consta de diferentes edificios de uso deportivo (pavillón, vestiarios, salas de instalacións, oficinas, pistas, bancadas, bar, etc.) que en ocasións esporádicas, utilízase para concertos e acontecementos?**

A ocupación que hai que considerar é a máxima por actividade, é dicir, o número de persoas que se poden atopar nun momento determinadas de maneira simultánea. En ningún caso tense que considerar a capacidade máxima total do establecemento.

➤ **Un aparcamento compartido por varios edificios con capacidade de 470 prazas distribuídas en catro plantas, está obrigado a dispoñer de PAU?**

As actividades de aparcamento non están incluídas no anexo I, polo que non teñen a obriga de dispor de PAU. Se o edificio ou edificios afectados teñen que elaborar o PAU, deberán incluír o aviso ás actividades coas que comparten o espazo.

➤ **Se un edificio cunha altura de evacuación de 28 metros non leva a cabo ningunha actividade na última planta, ten a obriga de contar con PAU?**

Os edificios que teñen unha altura de evacuación de 28 metros, os cales teñen situados na última planta unicamente elementos técnicos das instalacións e as partes integrantes dos servizos do edificio de carácter común, non teñen que elaborar PAU. Este criterio de excepción non é aplicable a establecementos de uso docente, que pola súa vulnerabilidade sempre teñen que elaborar un PAU se teñen unha altura de evacuación igual ou superior a 28 metros ou ben se están afectados por algún outro epígrafe do Decreto 172/2022, do 6 de outubro.

➤ **As gasoleneiras teñen que tener PAU?**

As gasoleneiras só están afectadas polo epígrafe 2a do Decreto, en concreto pola ITC IP04, polo que só no caso de ter máis de 500 m³, deben contar con PAU.

➤ **Unha actividade de concerto ao aire libre que ten lugar durante uns días**

determinados nun espazo delimitado con valos tense que clasificar como unha "instalación pechada desmontable ou de tempada?"

Non, unha "instalación pechada desmontable" tense que entender como unha instalación tipo carpa, que dispón de paredes, de teito e de pasos ou portas.

➤ **Unha comunidade de veciños con 1.500 persoas, está afectada polo Decreto 172/2022, do 6 de outubro?**

Unha comunidade de veciños de uso residencial privado non está afectada polo Decreto, porque o Decreto é aplicable a actividades e centros.

Para os efectos do Decreto, unha actividade é o conxunto de operacións ou tarefas que leva a cabo unha empresa ou industria que poden dar lugar a accidentes ou acontecementos que xeren situacións de emerxencia ou que poidan sufrir as consecuencias.

➤ **Unha explotación mineira, o tratarse dunha explotación o aire libre non ten datos sobre estrutura; é obrigatorio cubrir todos os datos ou solo é necesario cubrir os que correspondan por tipo de establecemento?.**

So se cubrirán os apartados que proceda, xa que a aplicación está destinada a unha gran variedade de centros, establecementos, eventos, actividades.

➤ **Ten que contar con PAU un parque eólico de menos de 300 MW, que ten subestacións de distribución de enerxía eléctrica en alta tensión e de rede de transporte e de distribución?**

Si. Aínda que o Decreto só é de aplicación a parques de máis de 300 MW, o Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, establece no seu apartado 2c, que deben elaborar e implantar o PAU tamén as instalacións de xeración e transformación de enerxía eléctrica en alta tensión.

➤ **É necesario que un Centro de día conte con PAU?**

Si. Os centros de día, están recollidos no apartado 2, actividades sen regulamentación sectorial específica, letra f) actividades residenciais públicas; conta con usuarios e usuarias que non poden realizar unha evacuación polos seus propios medios.

➤ **Que medios mínimos de autoprotección debe ter un centro de día?**

No anexo V do decreto 172/2022 inclúese os medios de autoprotección mínimos cos que deben contar os establecementos ou actividades do Catálogo, que ten carácter subsidiario respecto da normativa sectorial específica que poda existir.

No caso dos centros de día os medios materiais e persoais mínimos que se establecen son un desfibrilador externo automatizado e dous primeiros intervenientes con formación en asistencia sanitaria inmediata e manexo do desfibrilador externo automatizado.

No obstante, no artigo 12 do decreto 172/2022 prevese a posibilidade de que os recursos que conforman os medios mínimos de autoprotección podan ser mancomunados por actividades, centros, establecementos, espazos ou instalacións próximas, no caso de que o tempo de resposta fronte a unha emerxencia non sexa superior a dez minutos. Isto permite que un establecemento non teña que dispor in situ dos medios mínimos establecidos sempre que indique no PAU onde están localizados eses medios e faga constar a súa dispoñibilidade.

➤ **En relación cos medios mínimos de autoprotección que debe ter unha actividade, se hai un centro de saúde a uns 3-4 Km de distancia, sería necesario ter un desfibrilador no centro?**

O que prevé o decreto é un uso mancomunado dos recursos, sen que cada instalación ou establecemento teña os seus propios entrementos estean a menos de 10 minutos. Se se cumpre isto, non é importante que é o propietario do DESA. Así mesmo, debe reflectirse no PAU onde está o DESA.

O REXISTRO ELECTRÓNICO DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN

O acceso ao Rexistro Electrónico de PAUs realízase a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia

<https://sede.xunta.gal/portada>

A nova plataforma substitúe totalmente á antiga, e adáptase á Orde do 8 de xuño de 2021 pola que se modifica a Orde do 27 de febreiro de 2012 pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento (código de procedemento PR485A)

Non se inscribe o documento PAU. Este documento ten que entregarse ao órgano que otorga a licenza determinante para o inicio da actividade.

➤ **Cal é a finalidade do Rexistro?**

É contar cunha base de datos sobre o contido dos PAU á cal poderán acceder os diferentes servizos de emerxencia da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de ampliar información, en caso de sinistro, que facilite as posibles intervencións.

➤ **Que datos hai que inscribir no Rexistro?**

No Rexistro se inclúen aqueles **datos relevantes** para a protección civil, que facilitarán a actuación dos servizos de emerxencia en caso de ter que actuar, e ademáis, é necesario anexar os seguintes documentos:

- *Certificado de implantación.*
- *Declaración responsable da persoa redactora en que ela mesma declara a súa habilitación e capacitación, consonte ao artigo 8.2 do Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.*
- *Declaración da persoa titular da actividade, ou da persoa que exerza a súa representación legal, de que se entregou copia do plan de autoprotección (PAU) ao órgano que outorga a licenza, permiso ou autorización determinante para a explotación ou inicio da actividade, ou, no seu caso, ante o que presenta comunicación previa.*
- *Plano de descrición dos accesos ao centro.*
- *Plano de elementos vulnerables.*
- *Plano de focos de perigo.*
- *Plano de localización e contorno do centro.*
- *Taxas administrativas pola inscrición ou modificación do rexistro (a solicitude de baixa no xera taxa) (código da taxa 30.02.00) de ser o caso. ATRIGA <https://ovt.atriga.gal/>. Excepcionalmente non se requirirá taxa aos usuarios que entren na Plataforma para actualizar e revisar os datos existentes no antigo Rexistro.*
- *Acreditación da representación legal, se fora o caso.*

➤ **Que actuacións pode realizar no Rexistro?**

As accións que se poden realizar desde o procedemento son:

Solicitude de Alta de Rexistro dos datos dun novo PAU,

Solicitude de Modificación dos datos inscritos dun PAU, xa inscrito, ou

Solicitude de Baixa da inscrición dos datos dun PAU previamente inscrito.

En caso de alta ou modificación requírese anexar, unha vez cubertos os datos da solicitude, os documentos anteriormente indicados.

➤ **E se inscribí o PAU na plataforma antiga?**

Na nova plataforma do Rexistro migráronse os datos da plataforma que se estaba a utilizar, polo que non é necesario rexistralos de novo. A migración foi complexa polo que cómpre facer una modificación dos datos inscritos.

➤ **Como modifico os datos inscritos do PAU?**

Aos datos inscritos dos PAUs se accede a través de SEDE (Xunta) mediante os sistemas de identificación do usuario (Chave365, eDNI, Certificados electrónicos..). É necesario clicar en "Tramitar en liña" Crear solicitude\ Modificación. Aparecerán todos os rexistros feitos, incluído o número de rexistro asignado. (Os novos rexistros teñen outros códigos pero desde a aplicación é posible buscalos por calquera dos dous formatos.)

➤ **Subín os datos dun PAU na plataforma antiga, pero agora ao acceder, e clicando en modificación, non aparece ningún rexistro. A que se debe?**

Para poder acceder aos datos xa inscritos, é necesario ser o Titular da actividade ou ben contar cun apoderamento de titular. Non era así na antiga plataforma, polo que non sendo o titular da actividade, e necesario que éste outorgue apoderamento a persoa que vaia realizar a modificación ou baixa dos datos. Para este apoderamento, na sede electrónica, se conta cos procedementos PR005A, PR005B ou PR005C.

➤ **Unha vez iniciado o procedemento, canto tempo tarda a administración en resolver a inscrición no Rexistro?**

A orde que regula o rexistro establece que a inscrición deberá notificarse no prazo máximo de tres meses contado desde a data de entrada da solicitude no Rexistro.

Transcorrido o devandito prazo, o/a interesado/a poderá entender estimada a súa solicitude. Se debe ter en consideración para o inicio da actividade, ao requirilo a Norma.

➤ **Se o PAU dun centro de traballo está formado por varias actividades pero só unha está afectada polo DECRETO 172/2022, do 6 de outubro ¿hai que achegar planos de detalle de cada unha das actividades do centro de traballo?**

So son necesarios os planos de detalle das actividades que non están afectadas polo Decreto 172/2022, do 6 de outubro, no caso de que sexan imprescindibles para valorar o efecto dominó.

➤ **A inscrición no Rexistro, ten carácter voluntario?**

É obrigatoria para tódolos centros, establecementos, instalacións, actividades ou eventos que se determinan no catálogo de actividades do anexo I do Deceto 172/2022, e voluntaria para as non recollidas no devandito anexo.

➤ **Como presento unha solicitude de alta para o Rexistro?**

So é posible a presentación telemática da solicitude de rexistro do PAU e debe identificarse mediante Chave365 ou Certificado Dixital. Se accede a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.gal/portada>

E buscando o procedemento PR485A, haberá que clicar na opción "Tramitar en Liña" "Crear solicitude".

Premer en Alta, cumprimentar os formularios existentes e unha vez gardada a solicitude, haberá que anexar os documentos requeridos.

➤ **E se necesito modificar os datos rexistrados dun PAU, ou ben dalo de baixa?**

Séguese o mesmo procedemento de acceso, pero na opción "Crear solicitude". Se marcará modificación ou baixa do rexistro do PAU, segundo o que deba facer.

➤ **Pode rexistrar o PAU outra persoa autorizada ou teñe que facelo o titular?**

Pode delegar en terceiras persoas utilizando os procedementos PR005A, PR005B ou PR005C, dispoñibles na SEDE da Xunta de Galicia.

A través do PR005C, as persoas físicas ou xurídicas poden apoderar a unha persoa física ou xurídica para os procedementos administrativos que considere e por un prazo determinado.

➤ **Que documentos necesito ter para rexistrar un PAU?**

É necesario:

- Declaración de que se entregou o documento PAU ante o órgano que outorga a licenza, permiso ou autorización determinante para a explotación ou inicio da actividade
- Declaración responsable da persoa redactora na que ela mesma declara a súa habilitación e capacitación
- Certificado de implantación
- Taxas administrativas devindicadas pola inscrición no rexistro (Código da taxa 30.02.00)
- Plano de descrición dos accesos ao centro
- Plano de elementos vulnerables
- Plano de focos de perigo
- Plano de localización e entorno do centro
- Acreditación da representación, se é o caso

Se esta documentación xa fora presentada con anterioridade noutro procedemento, poderá volver a achegala ou ben indicar no apartado correspondente do rexistro o Órgano, Código de Procedemento e ano de presentación.

➤ **O sistema non permite enviar o formulario, cal é o problema?**

A opción enviar borrador non estará dispoñible ata que se complete o formulario sen fallos pero ten dispoñible a opción gardar.

Cando ocorre isto, o sistema mostra unha mensaxe que indica que ten fallos na cumprimentación do formulario.

Premendo no enlace "Ver fallos" da mensaxe, informase ao usuario de que datos están incorrectos ou faltan por cubrir.

Cando ao gardar xa non existan fallos habilitarase a opción Enviar Borrador.

E a continuación terá a opción de adxuntar a documentación (planos, declaración responsable, etc...)

➤ **Que pasaría se hai algún erro ou falta documentación?**

Recibirá a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal:

<https://notifica.xunta.gal>

O requirimento indicando a documentación que ten que achegar e/ou os datos que debe modificar, sinalando un prazo para facelo.

➤ **E se non se achega a documentación requirida facendo caso omiso do requirimento?**

Entenderase que desiste da solicitude, polo que se arquivará o expediente, sen máis trámites, e será necesario iniciar de novo o procedemento..

➤ **Hai que pagar taxas polo rexistro ou modificación dun PAU?**

Si, salvo determinados casos nos que esta exento (organismos públicos, concellos, colexios públicos, ...). As taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano están reguladas pola Lei 6/2003, do 9 de decembro e publícase a súa contía no DOG a principios de ano. En caso de estar exento débese adxuntar unha solicitude de exacción das taxas. (Ver ATRIGA <https://ovt.atriga.gal/>)

➤ **Se modifíco os datos inscritos do PAU teño que volver a aboar taxas?**

As modificacións substanciais do rexistro están suxeitas ao abono de taxas.

Non se consideran modificacións substanciais os cambios nos datos da persoa directora do plan de autoprotección nin da persoa directora do plan de actuación en emerxencias.

Excepcionalmente non se requirirá taxa ás persoas usuarias que presenten solicitude de modificación co fin de actualizar, revisar e corrixir os datos volcados desde a antiga plataforma.

➤ **Que documento recibirei cando rexistre un PAU?**

Recibirá a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal> unha resolución de rexistro e unha dilixencia de comunicación de alta no Rexistro.

➤ **A modificación da inscrición dos datos PAU xera algún documento acreditativo?**

Si. O titular recibirá unha resolución de rexistro e unha dilixencia que acredita tal modificación, cumpridos tódolos requirimentos necesarios para facela.

➤ **E se teño algún erro ou algún esquecemento no proceso de rexistro do PAU?**

Pode acceder en calquera momento ao procedemento PR485A en SEDE e iniciar unha solicitude de modificación para emendar os erros existentes ou para cumprimentar a información que falte.

➤ **Canto teño que esperar para saber si se registrou un PAU?**

Hai un prazo máximo de tres meses para notificarlle a inscrición no rexistro, unha vez se cumpran tódolos requisitos. De non recibir resposta neste prazo o interesado poderá entender estimada a súa solicitude.

➤ **Cando se ten que registrar o PAU para unha actividade de festa de Fin de Ano?**

Coa antelación suficiente, antes do inicio da actividade, tendo en conta hai tres meses para resolver a inscrición no rexistro.

➤ **A efectos de prazos, os sábados considéranse días hábiles ou festivos?**

De acordo con o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, todos os días teñen a consideración de hábiles excepto os sábados, domingos e festivos.

➤ **Se nunha actividade que está en proceso de rexistro do PAU, sucede unha emerxencia, pode aplicalo?**

Si, xa que é o instrumento dispoñible para xestionar emerxencias. Ademáis o comunicará ao CIAE 112 Galicia por se foran necesarios máis medios

➤ **O titular dunha actividade pode desistir do procedemento de rexistro do PAU?**

Si. A desistencia é unha das formas de finalización dun acto administrativo no que a persoa interesada –o titular dunha actividade, neste caso– retira ou deixa sen efecto a súa solicitude que está en trámite, pero sen perder o dereito de iniciar novamente o mesmo trámite. A desistencia tense que facer sobre unha solicitude en trámite e, por tanto, antes da finalización do procedemento.

➤ **Que vías hai para presentar documentación relacionada co rexistro do PAU?**

So a través da SEDE Electrónica da Xunta de Galicia. O correo electrónico non é unha canle válida para presentar documentación que teña que ver cun expediente dun plan de autoprotección e non se admite por este medio, nin en papel, nin a través dun procedemento distinto ao PR485A.

➤ **Cales son os planos que hai que incluír no PAU? Teñen que ter unha escala determinada?**

É necesario xuntar os seguintes planos:

- Plano de descrición dos accesos ao centro.
- Plano de elementos vulnerables.
- Plano de focos de perigo.
- Plano de localización e contorno do centro.

A Norma non especifica escala ou formato pero dado que son para a consulta dos Servizos de Emerxencia nun caso de incidente ou accidente no Centro, deben ter o detalle necesario e contar coa información mais completa dispoñible.

➤ **Podo presentar todos os planos nun mesmo documento ou ten que ir de forma independente?**

Tense que adxuntar á solicitude cada un dos planos temáticos en arquivos independentes, nomeados como "Plano de..... en función da súa temática, aínda que cada arquivo pode ter unha ou varias páxinas para recoller tódala información necesaria para facilitar a intervención dos equipos de emerxencia.

Non se admite unha colección de mapas de diferente temática nun único documento. Isto é así para dar cumprimento á finalidade do Rexistro, e dicir, que os servizos de emerxencias podan acceder de xeito sinxelo á información da actividade, o que significa unha actuación máis eficaz.

➤ **É necesario que unha actividade temporal que se repite periodicamente rexistre cada vez un novo PAU?**

Si, pois unha vez finalizada a actividade obxecto de inscrición no rexistro, a persoa titular debe solicitar a baixa da inscrición no prazo máximo de tres meses desde o cesamento da actividade. E no caso volver a realizar a devandita actividade, será necesario rexistrar os datos do novo PAU no Rexistro.

➤ **Como podo representar a unha entidade a hora de presentar o PAU no rexistro?**

O titular débelle outorgarlle previamente un apoderamento (procedimientos. PR005A, PR005B o PR005C, dispoñibles na SEDE da Xunta de Galicia). Unha vez outorgado o apoderamento, e aceptado polo apoderado, ao entrar en SEDE, debe facelo clicando no botón " en representación".